



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

O presente escrito é para informar da convocatoria que temos aberta no Concello do Barco de Valdeorras (Ourense) e que se describe a continuación:

*Convocatoria do proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo, para posibles coberturas temporais, para a ocupación de Técnico/a de Informática, sendo a vixencia da bolsa ata o 31/12/2019.

*Denominación da categoría da bolsa de traballo:

- Técnico/a de Informática (G.cotiz. 1) para o Concello do Barco de Valdeorras.

*Obxecto:

-Formación de bolsa de traballo para a ocupación de Técnico/a de informática, co obxecto de acudir a ela para a cobertura de futuras contratacións laborais temporais que xurdan, de carácter non permanente, que resulten necesarias e que non poidan ser atendidas polo persoal deste concello, sendo a vixencia da bolsa ata o 31/12/2019 e as funcións a realizar as descritas no art. 1º das bases de convocatoria.

*Titulación e requisitos esixidos:

Os esixidos no art. 3º das bases de convocatoria, sendo entre outros:

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións, na data na que remate o prazo de presentación de instancias; no suposto de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación:

-Licenciatura en informática, Enxeñeiro Superior en Informática ou grado en enxeñería informática -de software/de computadores/de computación/de sistemas da información/de tecnoloxía da información.

*Documentación:

-As esixidas nas bases de convocatoria que están dispoñibles no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>).


*Presentación de instancias:

- Por calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, durante o prazo de SETE DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no "Boletín Oficial da Provincia de Ourense".

O anuncio de convocatoria saíu publicado no BOP de Ourense o día 21/11/2017 e o prazo remata o 30/11/2017.

- As bases e o anuncio da convocatoria están publicadas no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>).

O Barco, 24 de novembro de 2017

AAEDL,

Asdo: Mónica Redondo Villarino